



## Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo ACTA

Acta aprobada na sesión plenaria do 9/11/2017

Data	14/06/2017
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) <b>Fin da xuntanza</b> 20:34h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"><li>• Presidenta, Olga Alonso Suárez</li><li>• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez</li><li>• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias</li><li>• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez</li></ul> <p>- Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Antonio Madrid Riskey</li><li>• Eugenio de la Iglesia Delgado</li><li>• Anxos Collazo Trigo</li><li>• Cristina López Lobarriñas</li><li>• Santiago Rodríguez Sánchez</li><li>• María Teresa Freijido Román</li><li>• Eudosia Deza Soto</li><li>• Rafael Lestón Vázquez</li></ul> <p>- Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mª Jesús Granja Pereira</li><li>• Mª Bertila Fernández Pérez</li><li>• Mª del Carmen Rivas Corbacho</li><li>• Yolanda González Larrañaga</li><li>• Luisa Rivas García</li><li>• Hadriana Prado Lorenzo</li></ul> <p>- Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Esperanza Dacosta Dapena</li><li>• José Manuel Rodríguez Lago</li><li>• Antonio Vázquez Vázquez</li><li>• Mª Teresa García Durán</li></ul>
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sector docente: Purificación Bernárdez Álvarez</li><li>• Sector docente: José Casas Freire</li><li>• Sector usuarios: Fernando Vázquez González</li><li>• Sector usuarios: Lois García Rodríguez</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Sector social: Xabier Pérez Igrexas</li> </ul>
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Sector social: Non hai representante directores secundaria</li> <li>•Sector social: María José Ramos Martínez</li> <li>•Sector social: José Luis Sanz Escibano</li> <li>•Sector social: Isabel López Lorenzo</li> <li>•Sector social: Cándido Cabaleiro Paz</li> </ul>
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

### Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta anterior, se procede.
2. Informe da Presidenta do CEMV.
3. Informes da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a organización da xornada “ConVIVE xogando”
4. Propostas de mocións:
  - Moción de FOANPAS sobre zonificación
  - Moción de FOANPAS sobre as deficiencias da aula hospitalaria do Hospital Álvaro Cunqueiro
  - Moción de FOANPAS sobre o plan de accesibilidade aos centros
  - Moción de FOANPAS sobre a necesidade de mellora dos accesos ao IES Carlos Casares
  - Moción de FOANPAS sobre a convivencia do alumnado do CEIP Ramón y Cajal “Picacho” e os usuarios do Albergue
  - Moción de FOANPAS sobre a necesidade dunha biblioteca pública en Teis
  - Moción de FOANPAS sobre o abandono do Parque da Riouxá
  - Moción de FOANPAS sobre a escaseza de recursos para atender ao alumnado NEAE

## 5. Rogos e preguntas

### Intervencións realizadas e acordos adoptados

#### **1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior**

A Presidenta informa de que houbo un erro no envío da documentación e que non se enviou a acta da reunión anterior. Decide deixarse a súa aprobación para o próximo Pleno.

#### **2.- Informe da Presidenta do CEMV**

A Presidenta comeza a súa intervención felicitando ao CEIP San Salvador xa que conseguiu un premio a nivel galego polo seu traballo en medio ambiente e pídelles á Esperanza Dacosta, directora deste centro, que faga extensible a felicitación ao resto dos compañeiros. Esperanza agradece o recoñecemento e di que en realidade o mérito non é so do profesorado, di que é un traballo no que está involucrada toda a comunidade educativa e que se senten moi orgullosos dos resultados que están obtendo.

Dito isto, a Presidenta pasa a informar das novidades que afectan á Concellería de Educación. Empeza comentando que se vén de asinar o convenio de colaboración con FOANPAS para o 2017 para facer fronte entre outras cousas á xestión na prestación do servizo de 27 comedores. Informa tamén de que xa se abriu a nova sala de lectura e aula de estudo pública da UNED-VIGO con capacidade para preto de 500 usuarios/as, con horario de 09:00h. a 21:00h. de xeito ininterrompido, que será ampliable en función das necesidades que se vaian detectando.

Explica que se aprobou na Xunta de Goberno Local do 08 de xuño a relación definitiva de 667 alumnos/as de 3º ESO que participarán no programa municipal de inmersión lingüística “VIGO EN INGLÉS 2017”, que marcharán 2ª quincena de setembro e a primeira semana de outubro de 2017. Neste momento quedan 16 alumnos/as en lista de agarda da rede pública e 64 alumnos/as en lista de agarda da rede concertada. Comenta que ese mesmo día se aprobaron as listas definitivas de adxudicación das prazas para as 8 Escolas Infantís Municipais, que son un total de 620 prazas en total.

Informa de que se prevé aprobar na próxima Xunta de Goberno Local o orzamento para subministro de material e aluguer de maquinaria para obras de reparacións e acondicionamento nos centros públicos de educación infantil e primaria beneficiarios do programa municipal “VIGO EMPREGA 2017”, o que permitirá que no período estival poidan comezar as obras. As obras previstas son: o acondicionamento de baños en 10 centros educativos, o acondicionamento de

pavimento de aulas no Ceip Sta. Mariña Becerreira, o acondicionamento de Aula Matinal do Ceip Frián-Teis, o pintado e saneado fachada patio interior do Cep Doutor Fléming, a ampliación do Comedor do Ceip Sello-Cabral a reposición azulexados do corredor do Ceip García Barbón e o acondicionamento do acceso e paredes interiores do local de FOANPAS no IME. En canto ao programa educativo municipal “VIGO EDUCA”, informa de que se vai abrir un novo proceso de licitación.

Explica tamén que se está a traballar por facer de VIGO, CIDADE AMIGA DA INFANCIA. Comezarase por aprobar un Plan Integral para a Infancia e Adolescencia e traballarase en que exista un Consello Municipal da Infancia no que os nenos sexan os protagonistas e poidan expoñer directamente as súas propostas, inquedanzas e necesidades sobre a cidade. Trátase dun proxecto integral no que se está a traballar.

#### **4.- Informes das comisións de traballo**

María Jesús Granja presenta o informe da Comisión.

#### **INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA:**

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa reuniuse para seguir coa organización da xornada “*ConVIVE xogando*”. Tras analizar as posibilidades de participación dos relatores na primeira fecha seleccionada (6 de abril), esta comisión decidiu aprazar a xornada para o primeiro trimestres do próximo curso.

**Novo día proposto:** 16 de novembro DÍA INTERNACIONAL PARA A TOLERANCIA

**Lugar:** Auditorio Mar de Vigo (1438 prazas)

**Horario:** 10:00 a 12:00. Posibilidade de aumentar ata as 13:00h

**Destinatarios:** 1400 alumnos e alumnas de 1º e 2º da ESO. 28 centros convidados

**Desprazamento:** 28 autobuses con 50 alumnos e alumnas

**Relatores convidados:** Tras analizar o cadro que se achega desde Educación e Deportes, esta comisión marca como prioritario o contacto cos seguintes deportistas:

1. **Chus Lago.** Interesante a visión deste deporte minoritario que precisa moito sacrificio e que esixe a confianza e convivencia cun equipo en condicións extremas.
2. **Xogador do Celta.** Hai que comprobar o calendario de fútbol e se nesas datas podería asistir algún un en horario de mañá .
3. **Xogador/a rugby.** Interesa este deporte porque a pesar de ser un deporte duro no que hai enfrontamento directo e “golpes”, os equipos son un exemplo de convivencia que queda reflectido no chamado terceiro tempo, un tempo no que os equipos rivais conviven despois do xogo.

4. **Martín de la Puente.** Interesa a figura deste deportista xa que ademais dos seus logros deportivos, é un rapaz novo, e pénsase que vai conectar moi ben co alumnado da ESO. Hai que comprobar dispoñibilidade porque o ano que vén comeza a Universidade.
5. **Susana Rodríguez.** Interesa o seu punto de vista desta atleta como muller e por ter unha discapacidade física, a cegueira, que lle fai competir sempre ao lado doutra persoa, coa que fai equipo, coa que convive diariamente. Hai que falar co adestrador para saber se estará en Vigo nesas datas.

### **Desenvolvemento do programa nos centros educativos**

Esta Comisión considera necesario **involucrar ao profesorado dos Centros Educativos** que queiran participar para **que traballen co alumnado antes da xornada**. Desde a Comisión pódese enviar unha lista de enlaces web onde poderán atopar material que lles sirva para introducir o tema. (Campañas que algúns clubs fixeron en contra da violencia, decálogos de convivencia no deporte, vídeos nos que se mostra un comportamento violento de pais espectadores, vídeos sobre superación no deporte, ...)

Ao ser máis de 1000 alumnos e alumnas, acordouse que a **rolda de preguntas sexa "dirixida"**. Con isto evitárase ademais que todas as preguntas se dirixan á mesma persoa. Durante a xornada de traballo na aula, o alumnado dos cursos participantes deben elaborar 5 preguntas entre todos, unha destinada a cada un dos relatores. Logo farase unha selección e cada centro poderá formular o día da xornada a pregunta que se seleccionou entre as enviadas. Para que se respondan a todas as preguntas feitas desde as aulas, estudarase a posibilidade de que a cada relator se lle envíen todas as preguntas que non se puideron facer durante as xornadas para que as contesten por escrito e remitírlas aos centros.

#### **Comunicación cos centros:**

O programa da actividade debería mandarse a inicio do curso para que ao profesorado lle dea tempo a programar o traballo previo na aula.

#### **Colaboración doutras Concellarías:**

Esta comisión quere facer unha chamada á convivencia entre todas as Concellarías para que o día da xornada se instalen no vestíbulo do auditorio "stands promocionais" nos que se mostren todas aquelas cuestións que queiran trasladar á mocidade, algo similar a unha feira dirixida á xuventude. Pode incluso instalarse algunha exposición itinerante que xa existe. A comisión propón facer unha reunión conxunta no Concello con técnicos de cada Concellaría para convidalos a participar e explicarlles brevemente en que consistiría a súa participación. O alumnado disporía de 30 minutos ou 1 hora ao remate da charla para pasarse por estas mesas informativas. Neste tempo tamén se faría efectiva a convivencia con entre alumnado de diferentes centros.

#### **Soporte gráfico da xornada.**

A comisión solicita que desde o Concello se elabore unha imaxe/mascota para as xornadas e que se inclúa no programa e no escenario durante o día do evento.

---

O Secretario comenta que xa se iniciaran xestións para celebrar as xornadas na primeira data proposta e que, como xa comentara no anterior Pleno, había moita predisposición por parte dos deportistas propostos. Chus Lago, se está na data sinalada, non terá problema en participar. En canto ao do Celta, no primeiro contacto que se fixera, comprometíanse a que acudirían xogadores do primeiro equipo, sempre que o permitira o calendario e se estaban dispoñibles xa que normalmente adestran en horario de mañá. Martín de la Puente estará estudando na universidade en Barcelona, co que igual se complica a súa participación e no caso de Susana Rodríguez, todo dependerá de onde estea competindo e adestrando, xa que a última vez que falaron con ela estaba en Australia. En todo caso, di que se hai que facer algunha modificación farase e desde logo será unha mesa plural e interesante.

O secretario explica que a data no Auditorio Mar de Vigo está bloqueada pero non comprometida porque hai outro evento de máis días nesa data e non saben se dispoñemos das instalacións. Pero se non é esa, sería outra data próxima. En canto ao transporte do alumnado, como xa estará o novo contrato de Vigo Educa resolto pensa que non haberá problema. Tamén se está pensando en contratar unha asistencia técnica, xa que probablemente se derivarán cuestións de loxística organizativa, o deseño dalgún tipo de soporte documental,... Explica que se comezará a traballar de xeito intenso a principios de setembro para que na segunda quincena poida estar saíndo a convocatoria para os centros de ensino.

#### **4.- Propostas de mocións:**

##### **Moción de FOANPAS sobre zonificación**

###### **ANTECEDENTES**

Dende fai anos, estase a reclamar un estudo serio e rigoroso da zonificación escolar da cidade de Vigo xa que o actual está obsoleto e non se axusta á realidade escolar e social dos nosos días.

Esta demanda veuse intensificada neste curso dadas as necesidades das familias, a capacidade sobrepasada dos centros e a resposta da Administración.

As familias teñen unha alta preocupación pola situación de incerteza creada pola resposta da Administración ante o tema e pola falta de solucións óptimas tanto para o alumnado como para os centros de ensino.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, lembra e esixe:

Que a Administración dea unha resposta clara e pública respecto da zonificación escolar da cidade de Vigo.

---

María del Carmen Rivas comenta que a administración leva tempo informando verbalmente de que se está a facer a zonificación, que se está a facer un estudo, pero o certo é que non teñen ningunha resposta clara de xeito oficial, e o único que demandan é que, se de verdade están facendo o estudo, llo comuniquen e que os conviden a participar xa que é un tema que coñecen ben e que lles afecta directamente.

Antonio Vázquez di que non entende porque é tan complicado facer unha zonificación para Vigo e para Pontevedra se fixo sen problema ao longo do curso, e Vigo leva con esta demanda moitos máis anos que Pontevedra. Antonio Estévez di que a zonificación de Pontevedra é máis sinxela, que hai moitos menos centros educativos ca en Vigo. Explica ademais que precisamente ese mesmo día tivo unha xuntanza o Xefe Territorial cos directores para explicarlles a actual situación. Esperanza Dacosta explica que ela estivo na xuntanza na que tamén estaban os inspectores que están na Comisión que está a traballar no tema da zonificación. Dixéronlles que se está facendo a zonificación e que teñen previsto que entre en vigor no 2018. Explicáronlles cales son os pasos a dar e informaron de que antes de final de ano se reunirán de novo cos centros de primaria e secundaria para presentarlles o borrador.

Bertila Fernández di que, con respecto a esta xuntanza da que non tiña noticias, quere reiterar unha vez máis a falta de respecto da administración cara as familias e cara a FOANPAS. Levan tempo facendo un traballo serio con respecto á zonificación e a administración non os ten en conta. Pregúntalle a Esperanza se se fixo referencia a que se van por en contacto coas ANPAS ou se teñen que seguir agardando. Esperanza di que ela como representante dos directores de

primaria só lles pode informar de que se está a facer e dos pasos que se están a seguir, que foi o que lles comentaron a eles nesa xuntanza. Bertila comenta que unha das cousas que mellor fixo esta administración e enfrontar á comunidade educativa de cada centro, o cal é evidente e preocupante. Di que como mínimo se debería ter en conta a toda a comunidade educativa e non se está tendo en conta ás familias. Esperanza di que na xuntanza o talante non foi conflictivo para nada. Di que quen presentou o esbozo do que están a facer non foi o Xefe Territorial senón a Comisión de Inspectores que o están levando a cabo e que foron moi claros e que se quedou en informar a todos os centros educativos da cidade cando se teña o borrador. Explica que ela confía nesta promesa, que foi unha reunión bastante cordial e que en ningún momento se viu ánimo de ocultar nin de esconder información, o que ocorre é que están cos primeiros pasos e non hai moita información que dar aínda. Bertila lembra que eles tiñan o compromiso público por parte do Conselleiro de que no momento no que se dese un paso co tema da zonificación, que se lle informaría ás familias, por iso agora ela como representante de Foanpas ten que denunciar esa falta de respecto cara ás familias.

Antonio Vázquez di que lle parece ben se de verdade fan un documento rápido, xa que parece que o contrato do transporte remata en 2018 e logo que non vaia a ser que se aprobe de presa e correndo para pór en coordinación co transporte. Lembra que xa hai tres anos, sendo delegada do goberno en Vigo a Sra. Bosch, dixo que había ata tres borradores dunha futura zonificación de Vigo e ningún destes saíu á luz. Para el a conclusión da xuntanza que tiveron esta mañá é que a Administración di que se está traballando, pero mentres non haxa un documento enriba da mesa non é nada. Lembra que este Consello xa presentou varias mocións sobre zonificación e polo tanto non estaría de máis que desde a Delegación Territorial se chamara á presidencia deste órgano para informar dos pasos que se están a dar. Ao final o único que se ten é a calada por resposta e empeza a ser altamente preocupante que cada vez que o CEMV se vai a reunir e vai sacar unha moción sobre este tema, se convoque aos directores, se leve o



tema a unha mesa sectorial,... O único que se lle pide á administración é que poñan un documento enriba da mesa para todos os implicados no feito educativo. Santiago Rodríguez comenta que o Xefe Territorial lles comunicou na Xunta de Persoal Docente que de cara a final de ano habería un documento e que se mandarían ao Consello Escolar, Asemblea de Directores, Xunta de Persoal,... Pensan que finais de ano pode ser xa tarde e, por esa razón, informa de que na Xunta de Persoal Docente que se celebrou ese día, aprobaron unha moción máis sobre a zonificación na que se centraban na necesidade de que ese documento sexa público con tempo sobradamente suficiente. Di que propuxeron a data de inicios do curso que vén de forma que haxa meses para que poida ser debatido, avaliado e se poidan facer todas as achegas, sen que non interfira co proceso de admisión que se inicia no mes de febreiro. Se sacan un documento no mes de decembro ou xaneiro, obviamente non dá tempo a que se avalíe correctamente. Deberían sacalo a principios do curso como moi tarde.

Olga Alonso comenta que a moción que agora se debate é concreta, que o que se pide é que a administración dea unha resposta clara e pública sobre o tema da zonificación, polo que pensa que non está demais que se lle lembre á administración que este é un tema que á cidade de Vigo lle preocupa. Procédese a votar esta moción.

### Acordos adoptados

Apróbase a moción de FOANPAS sobre a zonificación con 18 votos a favor e 2 abstención.

## **Moción de FOANPAS sobre as deficiencias da aula hospitalaria do Hospital**

### **Álvaro Cunqueiro**

#### **ANTECEDENTES**

Todos os nenos e nenas teñen dereito a recibir educación, tal e como recolle a Constitución Española no Artigo 27.5. *“Los poderes públicos garantizan el derecho de todos a la educación, mediante una programación general de la enseñanza, con participación efectiva de todos los sectores afectados y la creación de centros docentes”.*

Os nenos e nenas enfermos seguen tendo dereito á educación, aínda que, por prescrición médica, non asistan fisicamente ao centro escolar, xa que seguen a estar matriculados/as nun centro educativo. Por iso se crearon as aulas hospitalarias, co fin de atender

educativamente ao alumnado que ten que permanecer ingresado nun centro hospitalario durante o curso escolar.

No ano 2002 as Consellarías de Educación e de Sanidade firmaron un convenio segundo o cal a Consellaría de Sanidade cedía espazos para uso educativo e a Consellaría de Educación e dotaba de persoal educativo ditas aulas. Este convenio está vixente e estase a levar a cabo, pero no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo este servizo non funciona.

Tería que atenderse alumnado das etapas de infantil, primaria e secundaria. O espazo destinado para aula hospitalaria en dito centro é un “zulo”: un espazo moi pequeno, con escaseza de enchufes para conectar aparellos eléctricos (ordenadores), caixas amoreadas, material (contos, pinturas) amontoados sen orde, con só tres mesas e cadeiras de infantil. O Faro de Vigo publicaba o pasado 2 de maio unha noticia na que se poñían de manifesto esta situación: <http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2017/05/02/escuela-hospitalaria-ninos-cunqueiro-lleva/1671097.html>

Nestas circunstancias, sumadas ao estado de saúde dos nenos e das nenas, faise realmente complicado que o alumnado estea atendido. É necesario que exista un espazo axeitado ás necesidades dos nenos e das nenas enfermos/as e que o persoal que atenda a estes/as nenos/as estea dotado dunha sensibilidade especial, así como de formación específica.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicita:

Que se esixa unha aula hospitalaria no Hospital Álvaro Cunqueiro debidamente acondicionada, adaptada ás características do alumnado que alí debería atenderse.

-----

Antonio Vázquez di que despois de ler a noticia que o 2 de maio publicou o Faro de Vigo, agardaba que desde a administración se dera algún tipo de explicación ou resposta pública a este tema tan preocupante. Sorpréndelle que máis dun mes despois a administración cale. Di que sabe que se tratou na mesa sectorial a semana anterior e que lle comentaron que o que se dixo foi que iso era responsabilidade da Concellería de Sanidade, que non tiña que ver con Educación. E o certo é que a responsable da escolarización destes nenos é a Consellería de Educación, que obviamente neste caso ten que traballar da man da Consellería de Sanidade. Pensa que o primeiro que tería que facer desde educación é mandar a un inspector a ver a aula e se este considera que non é axeitada para impartir clase que hai que facela noutro lugar. Non pode ser que se faga un hospital novo e se deixe un zulo sen luz natural para os nenos. Pensa que a actitude de abandono da Xunta ante este caso é demoledora, que non se pode

contar cun espazo nesas condicións cando hai unha demanda tan alta do servizo. Ademais hai problemas de profesorado e segundo lle comentaron, na mesa sectorial, o Xefe Territorial comprometeuse a cubrir dúas prazas, pero para cando isto se faga xa será o próximo curso e xa se perderon 16 meses de atención. Ademais hai ONGs que tamén se queixan de que se lles dixo que esa aula hospitalaria era para elas. Hai alumnos con enfermidades máis ou menos graves e que non están escolarizados polo que se está a incumprir un dereito básico que recolle a Constitución. Bertila Fernández comenta que unha vez máis se ve a falta de respecto que ten a administración polos nenos e nenas. O alumnado hospitalizado ten que estar escolarizado e a administración incúmpreo, pero di que se foran os pais os que non levasen aos seus fillos ao centro educativo que habería sancións serias. Lembra que desde FOANPAS se lle enviou á Consellería un estudo no que se incluía un plan para mellorar a atención domiciliaria e hospitalaria, para que fose unha atención coordinada cos docentes, familias, médicos, psicólogos... equipos multidisciplinares que puideran atender ás necesidades deste alumnado. En canto aos alumnos de secundaria a discriminación é maior, xa que ten que ser o profesor de primaria o que os atenda, ao non haber un profesor de secundaria no hospital. E para que isto funcione ben, o que se precisa é implicación e ganas, non son precisos tantos medios materiais e investimentos como ganas de traballar polos nenos e nenas.

María Teresa Freijido explica que acaba de facer a consulta e que na mesa sectorial nas prazas sometidas á convenio, saíu unha praza de mestre para o próximo curso, pero que imaxina que será para cubrir a praza do mestre que renunciou. Santiago Rodríguez comenta que na Xunta de Persoal trataron este tema co Xefe Territorial e que, polo que di el, está claro que non é un tema de persoal, di que o resume dicindo que “aquilo é un desorde e hai que poñelo en orde”. M<sup>a</sup> del Carmen Rivas di que no mes de marzo se reuniron co Xerente do Hospital e co mestre, que estiveron visitando aula é que non esaxeran cando falan de zulo, e de caixas amoreadas. Explica que o xerente lles dixo que xa estaba licitada a obra para por a aula en marcha e que en tres meses estaría funcionando, e xa pasou este tempo e segue igual. Ademais do espazo físico, di

que para ela o problema máis grave é a falta de coordinación entre a Administración Educativa e a Sanitaria, non hai ningún protocolo de actuación, o mestre non sabe que rapaces van quedar ingresados. Se as familias non saben que existe o servizo ás veces o neno ou nena non vai a aula. O mestre que estaba ao cargo explicoulles que era o pediatra o que lle dicía se estaba algún neno ingresado, pero os rapaces de 15 anos que xa non están atendidos polo pediatra están esquecidos, porque a el ninguén lle informaba de se había algún ingresado. Di que a desorganización que se vía era total. A administración Sanitaria di que o único que ten que facer é habilitar un espazo físico onde dar as clases pero o que pase alí dentro con respecto ao profesorado é cuestión de Educación. Comenta que desde Foanpas pensan que é imprescindible que se coordinen para que todos os nenos e nenas hospitalizados sexan atendidos correctamente. Antonio Estévez comenta que si é evidente que existe a descoordinación que mencionan e que é certo que a administración educativa só ten potestade dentro da aula. Todo o que sexa fóra é cuestión de Sanidade e son os propios médicos os que establecen se un neno pode ou non asistir a aula. Pero di que na atención domiciliaria si que está totalmente protocolizado. Quen dá o primeiro paso é o centro educativo, e se se ten o consentimento dos pais, acódese ao domicilio. Explica que ás veces é o propio titor quen resolve, facendo o seguimento deste alumno con todos os medios dos que se dispón hoxe, plataformas e-learning, internet,... Ás veces soluciónase así sen necesidade dun profesor externo que fai de interlocutor. Bertila Fernández comenta que non está ben iso de que se solucione así, xa que o ideal é que exista un profesor que traballe no domicilio con eses rapaces, o que non significa que non estea o alumno en contacto co seu titor e cos compañeiros. Na atención domiciliaria desde logo non está garantido que os alumnos reciban o número de horas que lle corresponden, e lembra unha vez máis que no proxecto que se presentou á Xunta e que esta obviou, se daban solucións e pautas a seguir que estaban elaboradas por equipos moi cualificados. Antonio Vázquez di que de tódolos xeitos, no caso da aula hospitalaria os protocolos existen xa que, cando estaba no Hospital Xeral, a aula funcionaba correctamente. Alguén terá que explicarlle á xerencia do hospital que existían uns protocolos e, se estes quedaron

obsoletos, haberá que modificalos. O que non pode ser é que como non hai protocolos, ou non se coñecen, a aula non funcione. Isto non se pode permitir. Cristina López propón engadir no texto, algo que faga referencia ao persoal, xa que na moción só se fala do espazo. Decídese engadir: e atendida polo persoal axeitado.

Olga Alonso di que con esta moción queda patente que existe unha preocupación na cidade por estes nenos e nenas sen escolarizar. Procédese á votar a moción.

### Acordos adoptados

Apróbase a moción de FOANPAS sobre aula hospitalaria do Hospital Álvaro Cunqueiro con 19 votos a favor e 1 abstención.

### Moción de FOANPAS sobre o plan de accesibilidade aos centros

#### ANTECEDENTES

A accesibilidade é un síntoma de calidade de vida e de inclusión. Todos os nenos e nenas que van a un centro educativo deben ter garantido un acceso viable e seguro á súa escola.

En Vigo, hai moitos centros que teñen un acceso complicado e, sobre todo, pouco seguro para os nenos e as nenas escolarizados/as en dito centro. Por iso, é necesario:

- acondicionar o espazo para a circulación e estacionamento de vehículos.
- facer campañas de uso de vehículos alternativos (transporte público, bicicleta, etc.).
- facer campañas de concienciación para reducir o uso do coche particular e para que se pare nos lugares indicados

#### TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicita:

Que a Concellería de Mobilidade deseñe un plan de accesibilidade para os centros educativos que garanta un acceso ordenado, fácil e seguro para os nenos e nenas escolarizados nos centros da cidade.

-----

M<sup>a</sup> Jesús Granja explica que, aínda que xa se habilitou este espazo para deixar e recoller aos nenos, nalgúns centros non está funcionando correctamente, polo que se solicita que se faga un plan xeral de accesibilidade que inclúa ademais unha

campaña de sensibilización para que os rapaces poidan ir camiñando ao cole, en bicicleta,...

Olga Alonso explica que si existe o Plan de Accesibilidade aos centros e que se fixo falando coa comunidade educativa, vendo as necesidades de cada centro. Explica que se puxo en marcha fai dous anos pero que si é certo que ten que revisarse e incidir en campañas de sensibilización xa que moitas veces os cidadáns non respectamos as normas. Explica que se dará traslado á Concellería de Mobilidade para que traballen nel e que se vixie que se cumpran as normas. Informa de que con axuda de FOANPAS se puxo en marcha unha experiencia no CEIP Escultor Acuña que se chama “Camiño do Cole” e a ver se se pode estender a outros centros. Santiago propón que se inclúa na moción “con especial atención ás persoas con diversidade funcional”, xa que estas son máis vulnerables. Estando todos de acordo procédese á votación da moción.

### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS sobre o plan de accesibilidade aos centros.

## **Moción de FOANPAS sobre a necesidade de mellora dos accesos ao IES**

### **Carlos Casares**

#### **ANTECEDENTES**

O IES Carlos Casares atópase nun outeiro na Avda. de Madrid s/n, entre a Autovía A55 e a Avda. da Ponte onde hai numerosas empresas co seu correspondente tráfico pesado. Sumado aos vehículos que habitualmente utilizan as vías da contorna, fan que o tráfico sexa constante, numeroso e perigoso para os/as alumnos/as.

Na actualidade o acceso a pé cara o IES Carlos Casares, non é precisamente un modelo de éxito respecto á mobilidade segura, xa que carece de servizos mínimos que poderían garantir e evitar graves problemas de seguridade viaria.

Para intentar acceder ao recinto do IES Carlos Casares o/a peón debe de sortear un tráfico continuo de vehículos, transitar pola estrada, que dito sexa de paso carece de beirarrúas, e cruzar por lugares de pouca visibilidade carentes de sinalización viaria e sen ningún tipo de regularización semafórica. Isto queda patente no vídeo que o alumnado do centro elaborou para denunciar esta problemática: [https://youtu.be/nyE\\_-25fZk](https://youtu.be/nyE_-25fZk)

Os servizos de transporte urbano público (VITRASA) que se ofrecen para a zona son

óptimos, pero en cambio non son así os accesos ás paradas reguladas das diferentes liñas que por alí discorren, xa que para chegar a elas, o/a peón debe de novo expoñerse a todos os perigos manifestados anteriormente.

**TEXTO:**

Polo exposto, FOANPAS, solicita:

Que se tomen as medidas necesarias para garantir que o alumnado e o persoal do IES Carlos Casares accedan a centro de maneira segura.

---

Procédese á visualización do vídeo elaborado polo alumnado do IES Carlos Casares. Tras isto M<sup>a</sup> Carmen Rivas comenta que hai que buscar unha solución xa para estes mozos e mozas que cada día se xogan a vida para coller o transporte público. Olga Alonso explica que convidaron ao Alcalde ao centro e que este lles prometeu que lles ía a poñer polo menos un paso de peóns. Explica que como a Estrada é de titularidade autonómica, houbo que solicitar permiso e que aínda non se recibiu resposta. Tamén explica que se fixo unha tentativa para que Vitrasa achegase a parada e nos horarios de entrada e saída do centro puidesen entrar ao recinto onde aparcan os autobuses que collen aos rapaces con dereito a bus escolar, pero como o terreo é da Consellería de Educación non puido facerse. Antonio Estévez di que normalmente a Consellería ten potestade dentro do recinto para dentro, e o espazo do que falan queda fóra. Di que o espazo onde dan volta os autobuses escolares non é da Xunta.

Cristina López pregunta a quen se lle enviará a moción, quen ten que estudar cales son as medidas axeitadas para solucionar isto, porque dá a sensación que as administracións están pasándose a pelota. A Presidenta explica que se enviará á Xunta xa que tanto a estrada como o recinto onde para o bus escolar a eles cónstalle que é da Xunta. Explícalle que no Pleno Municipal ela xa presentou unha moción e que foi dirixida á Consellería de Educación. Antonio Vázquez propón primeiro ver que metros lle cedeu o Concello á Consellería de Educación para facer o Instituto, porque pode ser que a Consellería só usase uns metros e que non usase o espazo que quedou diante do centro, que é xusto onde para o bus escolar. Se a Consellería non vai usar estes terreos, o que ten que facer é un

proceso de reversión, e cando volva a ser do Concello xa poderá Vitrasa ter alí unha parada.

Olga Alonso explica que é complexo e pon o exemplo do que pasa no ROU. Este centro está situado nun remate de rúa e pegado a outro centro educativo. Di que os dous centros teñen transporte escolar, pero o transporte do ROU non ten onde dar a volta, e os nenos non teñen beirarrúa pola que chegar ao centro, xa que esta remata no outro centro. O Concello recibiu unha petición da comunidade educativa e a única solución que atopa é un proxecto que tocaba unha parte do recinto da Xunta, polo que sen o permiso da Xunta non se pode facer nada. Comenta que o lóxico é que o que se vexa é polos intereses do alumnado e se axilicen estes trámites, pero todo é demasiado lento.

Antonio Estévez comenta que, en todo caso, no caso do IES Carlos Casares o problema está na Avda. da Ponte, e Educación non ten competencia algunha sobre esta Avenida. Di que o Consello Escolar pode pedir, pero probablemente o destinatario non sexa a Consellería de Educación. Bertila Fernández di que Educación debería velar pola integridade física do alumnado e darlle traslado desta moción á Consellería que considere competente. Olga Alonso explica que tampouco hai beirarrúas que sexan da Concellería de Educación e desde esta concellería velan porque o alumnado poida chegar aos centros en condicións de seguridade óptimas. Explica que eles lle dan traslado á Consellería e que esta é a que ten que liderar a busca de solucións, porque afecta aos alumnos e alumnas. Procédese á votación da moción.

### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS sobre a necesidade de mellora dos accesos ao IES Carlos Casares

### **Moción de FOANPAS sobre a convivencia do alumnado do CEIP Ramón y Cajal “Picacho” e os usuarios do Albergue**

#### **ANTECEDENTES**

A situación que están a vivir os/as nenos/as matriculados/as no CEIP Ramón y Cajal “Picacho” e o alumnado da EPA (Educación de Persoas Adultas) con respecto á



convivencia cos/as usuarios/as do albergue municipal é extrema, producíndose momentos de tensión nada pedagóxicos.

En ocasións, a integridade física do profesorado, nais e pais é vulnerable, moito máis a dos nenos e nenas. As instalacións do centro tamén se ven afectadas pola intrusión dos/as usuarios/as do albergue, atopando pola mañá dende defecacións, ouriños, xiringas, condóns, vidros rotos de botellas, latas, etc. Sen esquecer as escenas violentas que se producen a todas horas: discusións, expresións verbais fóra de todo control, pelexas...

A Sala de Lecer provoca que haxa descontrol e paso de todo tipo de perfís, o que favorece a venta de droga permanente, ofrecéndoa indiscriminadamente a todas as persoas que pasan por alí (mestres/as, nais, pais, etc.).

As nenas e nenos non teñen que ser espectadores destes episodios, se ben é certo que a comunidade educativa está a facer un esforzo para xestionar esta convivencia alterada a diario.

A situación das persoas en exclusión social é froito do fracaso social, do fracaso de políticas educativas, da escaseza de emprego, da falta de ofertas para que os/as cidadáns teñan ferramentas para a súa formación. Non hai que abandonalos, hai que facer visible a súa situación pero non a costa da formación dos nenos, das nenas e dos/as adultos/as.

#### **TEXTO:**

Polo exposto, FOANPAS, solíciatalle ao Concello de Vigo:

- Que se realice unha humanización integral do entorno no que se faga fincapé na iluminación, limpeza, colocación de bancos, zonas verdes,... Todo aquilo que dignifique unha zona da cidade que pasa de ser un punto de conexión natural da cidade co mar a unha zona degradada polo abandono das institucións.
- Que se faga unha intervención educativa e social cos usuarios do centro que lles permita a inserción na sociedade de maneira digna.
- Que se traslade a Sala de Lecer para outro edificio onde os usuarios non teñan que cohabitar cos escolares.
- Que se aumente a seguridade no entorno, xa que hai conflitos continuos coa veciñanza nas rúas Marqués de Valterra, Jacinto Benavente e todos os accesos á Avda Beiramar nesa zona.
- Que se estude a posibilidade de que os usuarios do albergue teñan un acceso a esta instalación desde outra rúa e que non teñan que acceder pola mesma zona ca que o fan os escolares.

-----

Bertila Fernández explica que eles asistiron a dúas xuntanzas convocadas pola comunidade educativa. Á primeira asistiron as direccións deste centro e do da EPA e unha representación da veciñanza. Á segunda asistiu ademais a directora

do Albergue, unha representante da Cruz Vermella e unha psicóloga. Di que a situación que viviron no tempo que estiveron alí foi moi desagradable, pelexas, agresións,... todo fóra de control. Un espectáculo que impresiona a calquera, canto máis a un neno ou a unha nena. Son situacións que non deben suceder nunca nun entorno educativo. Recalca que eles desde FOANPAS consideran que é un fracaso social, un fracaso das políticas educativas. Estes usuarios non son o problema, o problema son os traficantes de droga. Que haxa un albergue está ben pero hai que buscar mecanismos para que isto non suceda, e non só se refiren a maior control policial, xa que estando a propia policía dentro do recinto, eles presenciaron como se seguía co tráfico de drogas, como se lle ofrecía a veciños, pais,... e a calquera que se achegara por alí. Recalca que o traballo que fai o profesorado do centro é excelente, xa que teñen que xestionar un día a día moi complicado. É preciso que se faga unha actuación integral que solucione a situación e está ben que exista unha sala de lecer, pero ten que haber un control sobre o que sucede nesta e teñen que existir programas de reinserción que axude as usuarias e usuarios do Albergue.

A Presidenta explica que o certo é que o Albergue leva 3 anos funcionando e agora é cando a comunidade educativa se empezou a queixar. Di que tivo xa unha reunión co equipo directivo do centro e comprometeuse a ter maior control policial e reforzar o servizo de limpeza na zona para que os nenos atoparan a entrada ao centro en condicións axeitadas cada mañá. Di que xa se reforzou o servizo de limpeza e que hai unha patrulla que está facendo vixilancia porque eles consideran que hai que protexer aos nenos. Comenta que incluso lle propuxeron a posibilidade de abrir outra entrada no centro e que, aínda que non é competencia do Concello, queren estudalo para ver se se pode facer. Di que este problema hai que solucionalo porque ademais isto pode repercutir na matrícula do centro. Pese a que é un centro que funciona moi ben, a situación co tema do Albergue fai que moitos pais non queiran matricular aí aos fillos. Di que se fixeron as primeiras actuacións pero hai que seguir traballando aí. Comenta que cando FOANPAS se reuniu co Alcalde polo tema do convenio, se falou do tema e que todos coincidían en que aos usuarios e usuarias do Albergue había que buscarlles algunha

actividade que facer para que non estiveran “abandonados”. Bertila Fernández comenta que o Concello debería velar pola seguridade no entorno pero tamén facer políticas que contribúan á que se dignifique a esta xente que, pola súa situación e para saír adiante, precisan axuda. Os usuarios non deben ser os que reciban as labazadas da cidadanía. O problema son os traficantes de droga, que incrementaron a súa actividade coa apertura da Sala de Lecer. Entran e saen ofrecendo droga a todo o mundo libremente, incluso aos propios alumnos da EPA que nalgún caso se trata de alumnado sensible. A policía ten que protexer o entorno, pero tampouco é normal para o alumnado que a patrulla estea na porta do cole todos os días.

M<sup>a</sup> Teresa García comenta que é público que os grupos sociais que atenden normalmente aos usuarios do albergue diariamente, xa lle comunicaron ao Concello que o Albergue non está no lugar axeitado, precisamente por estar preto dun centro educativo e que o espazo é insuficiente para atender a todas as persoas que dormen na rúa. Lembra que xa se pediu que se traballe na integración social das persoas usuarias a través de programas, aulas,... O Albergue debería ocupar un espazo tres veces maior, no que se puidera xerar, ademais do que xa hai, un entorno socioeducativo. Hai estudos feitos pola propia Federación Veciñal, polos Grupos que están en contacto permanente cos usuarios, e téñense presentado propostas no Concello, pero a Concellería de Benestar Social non lles dá resposta algunha.

Cristina López di que, como delegada da CIG, frecuenta este cole e que xa levan con esta inqueda desde que abriu o Albergue, pero di que é un tema moi espiñento dicir que o Albergue está ben pero que non o queren alí ao lado. Pero o certo é que hai pelexas constantes, venta de droga e o entorno está moi degradado, sobre todo a rúa de abaixo. O profesorado do centro foi moi comedido e respectuoso coas persoas usuarias do albergue, pero iso non fai que deixe de ser prioritario intentar buscar algunha solución. Teñen medo que o centro se converta nun gueto, que so recolla ao alumnado que non pode ir a outros centros. José Manuel Rodríguez di que neste caso hai que ir á raíz do problema, e esta é que o Albergue non pode estar aí, polo tanto é necesario trasladalo. O labor do

Albergue é moi bo e debe existir e debe medrar, e aumentar políticas socioeducativas como dicían, pero non pode estar ao lado dun centro educativo. Está seguro de que esa é a única solución, e todo o demais van ser remendos. E cando se traslade pensa que a policía debe estar pendente e a dirección do Albergue debe estar coordinada coa policía, porque pola súa propia experiencia, cando se lle expón un problema á policía claramente, a policía soluciona o problema, pero hai que dar a cara e falar claramente, e se hai unha situación irregular deben denunciar, dando datos concretos, e non mirar para outro lado. Antonio Vázquez comenta que a moción di claramente que o problema non son os usuarios do Albergue, así que se se soluciona o problema da droga a situación mellorará.

M<sup>a</sup> Teresa García pensa que o Albergue hai que reconvertelo e facer políticas socioeducativas que agora non existen e incide en que é preciso desprazalo a outro lugar. Explica que nos informes, que xa se lle mandaron ao Concello, se suxiren espazos alternativos máis idóneos. Santiago Rodríguez lembra que en todo caso a moción en ningún caso fala da reubicación do Albergue e que, estea onde estea, sempre vai precisar atención e actuacións preferentes sobre outros centros. Rematado o debate a Presidenta inicia a votación.

### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS sobre a convivencia do alumnado do CEIP Ramón y Cajal “Picacho” e os usuarios do Albergue

## **Moción de FOANPAS sobre a necesidade dunha biblioteca pública en Teis**

### **ANTECEDENTES**

As ANPAS dos centros de ensino público de Teis detectan certas necesidades culturais no barrio. Unha das súas reivindicacións para paliar dita situación é a apertura dunha biblioteca no barrio a través da cal dinamizar actividades culturais e favorecer a igualdade dos nenos e das nenas.

Uns meses atrás, o alcalde da cidade manifestouse publicamente neste senso dicindo que se poría en marcha unha biblioteca en Teis, pero polo momento as súas verbas non se materializaron.

### **TEXTO:**

Polo exposto, FOANPAS, solicita:

- Que o Concello de Vigo poña en marcha a prometida biblioteca en Teis para paliar os posibles déficits culturais do barrio.
- Que se amplie a rede municipal de bibliotecas no resto dos barrios da cidade.

M<sup>a</sup> Jesús Granja comenta que é unha petición que lles traslada a ANPA de Teis e que é unha necesidade concreta que ten este barrio. Trátase dun barrio grande que precisan este equipamento como lugar de intercambio cultural, espazo educativo, de lectura, de lecer,... E como o Alcalde se comprometeu publicamente a facer a biblioteca agora os veciños agárdana. Yolanda González comenta que, aínda que a demanda saia de FOANPAS, as ANPAS dos centros concertados tamén a secundan xa que a Biblioteca é imprescindible para o barrio. Comenta que na reunión na que o Alcalde se comprometeu a facer este equipamento incluso se falou de posibles ubicacións, unha delas era o antigo ambulatorio. Olga Alonso di que se chegou a falar do antigo ambulatorio, que non é de titularidade municipal, e dunha antiga fábrica de pinturas, pero hai que estudar ben o lugar. En todo caso di que se trasladará a petición. Procédese á votación.

### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS sobre a necesidade dunha biblioteca pública en Teis

Sendo as 19:45 abandonan a reunión Cristina López e Antonio Estévez.

## Moción de FOANPAS sobre o abandono do Parque da Rioux

### ANTECEDENTES

O CEIP San Salvador, sito na Avenida de Galicia 181, limita co Parque da Rioux. Este espazo ten un valor medioambiental moi alto e dá moito xogo ao CEIP San Salvador á hora de educar aos nenos e nenas escolarizados/as no centro.

Sen embargo, esta proximidade estase a converter nun problema. A falta de mantemento do Parque da Rioux provoca que as ramas das árbores acaben dentro do recinto do centro educativo, e a maleza do parque se estenda ao colexio, co perigo que todo isto supón para as persoas do centro escolar.

## TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicita:

Que desde o Concello de Vigo se leven a cabo os traballos de mantemento do Parque da Riouxa para reducir o perigo que supón para os/as escolares e o persoal do CEIP San Salvador.

-----  
Esperanza Dacosta comenta que ela xa lle fixera esta petición ao Concello despois do temporal porque se romperan varias árbores e tamén solicitou a limpeza do parque no entorno do centro. Explica que a limpeza xa se fixo e que a poda das pólas das árbores que dan ao centro neste momento lle dixeron que non se podía facer. Di que só hai unha zona que está sen limpar pero porque non dan localizado ao dono. Que a maleza desta zona tirou parte da valla do Centro pero que xa a repararon entre o conserxe e algún compañeiro. Di que o Concello non pode limpar esta zona porque non pode entrar nela.

Olga Alonso comenta que, aínda que xa se fixera a limpeza, está ben que se traslade esta moción á Concellería correspondente para que se faga seguimento do tema. Di que é un parque que o cole usa moito como recurso educativo, que está relacionado co premio de Voz Natura. Esperanza comenta que parte da actividade foi facer precisamente no parque unha senda botánica, se colgaron carteis informativos nas árbores,... Pregunta cal é a distancia mínima á que deben estar plantadas as árbores do muro do centro, porque teñen varios eucaliptos moi pegados. Gustaríalle que o Concello comprobase tamén a estabilidade das árbores porque di que o ano pasado un veciño botou abaixo unha, que caeu encima doutra tirándoa ao chan e que esta última caeu encima do muro do centro desfacéndoo, coa boa sorte de que foi no mes de agosto e non había nenos. Son moi grandes e están moi preto do centro. Luisa Rivas explica que a distancia que esixe o código civil é de 2 metros e que se están máis pegados pódese esixir que se corten. Rematado o debate procédese a votación.

### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS sobre o abandono do Parque da Riouxa

## **Moción de FOANPAS sobre a escaseza de recursos para atender ao alumnado NEAE**

### **ANTECEDENTES**

Cada vez son máis a familias e docentes que nos trasladan a situación que están a padecer os nenos e nenas NEAE en xeral, e o alumnado NEAE da etapa de secundaria en particular.

Esta etapa supón todo un reto para a inclusión xa que as circunstancias dunha aula en educación secundaria son moi particulares: ratios altas, esixencia de contidos do currículo, cantidade de profesores/as (xa non é só o/a titor/a como en primaria), escaseza de recursos, etc.

A Administración ten que garantir que todo o alumnado reciba unha educación de calidade, independentemente das súas características e necesidades, así como garantir que o profesorado desenvolva o seu labor con garantías. Para iso ten que haber nos centros educativos os recursos persoais e materiais necesarios e axeitados (reforzo de persoal, rampas de acceso ao centro, ascensores ou plataformas elevadoras, baños adaptados,...)

### **TEXTO:**

Polo exposto, FOANPAS, solicita:

Que se lle traslade á Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria esta inqueda das familias para que dote aos centros educativos de todos os recursos necesarios para atender a toda a diversidade, tanto materiais como profesionais.

---

Sendo as 20:00 abandona a xuntanza Hadriana Prado

Bertila Fernández explica que ultimamente hai moitas familias que lle veñen a comentar que a os seus fillos e fillas de secundaria con NEAE non están ben atendidos. En primaria o escenario é outro pero en secundaria parece que hai maior falta de recursos. Tamén chama a atención que haxa ascensores nos centros pero que non estean en funcionamento, ou estea o oco pero non exista o ascensor, e iso pode ser precisado en calquera momento por un alumno. Di que o día a día das familias, do alumnado e dos docentes é moi triste, e que se a situación se salva é polo traballo duro e implicación de profesores e profesoras. Non habendo debate procédese á votación.

## Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS sobre a escaseza de recursos para atender ao alumnado NEAE

### 5.- Rogos e Suxestións

**Antonio Vázquez** quere que de reflectida na acta a **felicitación a FOANPAS polo seu 25º Aniversario** e polo traballo que levan desenvolvido nestes anos.

**Santiago Rodríguez** fai un rogo sobre o caso dunha nena que presenta unha cegueira recente, **Xabela**, e cuxos pais detectan **que no percorrido do domicilio ao centro hai múltiples deficiencias na accesibilidade**. Comenta que xa hai unha xuntanza solicitada por FOANPAS co Alcalde e di que o seu **rogo é que desde a Concellería de Educación se faga todo o posible para que isto vaia adiante o máis rápido posible**. Comenta que a el a súa nai lle fixo chegar un informe que fixo un técnico da ONCE sobre este percorrido. Di que lle mandará este informe á Presidenta a través da asistencia técnica. Comenta que o ideal sería que o Concello tomase este informe como base para traballar na cidade e facela máis accesible.

Por outro lado ten unha **pregunta sobre o tema das axudas e bolsas nas escolas municipais de ensinanzas artísticas**. Di que pensando sobre todo na **ETRAD** que vai a ter matrícula, se esta previsto que haxa bolsas para persoas que o poidan precisar por cuestións de renda. Pensa que, ademais, mentres se estea impartindo no local que está, que tiña os condicionantes marcados por García Barbón, que debería terse isto en conta. O secretario explica que se está traballando nunha Ordenanza Municipal e que nela se reflectirá a nova situación das escolas municipais de ensinanzas artísticas e tamén se recollerán as posibles subvencións.

**Mª Carmen Rivas** pregunta se se sabe algo da petición que se fixera neste Consello sobre as **marquesiñas**. Olga explica que no que se quedara é que no momento en que se empezaran a pór marquesiñas novas de VITRASA as primeiras que se porían serían aquelas que coincidiran con paradas de autobuses escolares, pero aínda non se empezaron a instalar novas. Mª Carmen pregunta ademais se saben **cando comezarán as obras no IME** que a Presidenta mencionou no seu informe. Pedro comenta que primeiro se farán tódalas actuacións en centros de ensino e finalmente se farán no IME, e que están condicionadas a que exista orzamento en Vigo Emprega.



**Bertila Alonso** agradece as felicitacións polo 25º Aniversario. Di que estes 25 anos non serían posibles sen o acompañamento da comunidade educativa, do Concello de Vigo, dos técnicos como Pedro, Pula,... directores e directoras en activo ou xubilados como Antonio Vázquez, Centrón, Guitián, aos representantes sindicais como Santi,... Di que avanzan porque están en boa compañía e aproveita para lembrar que a comunidade educativa non pode verse intoxicada por ningún problema e que calquera problema co que se atopen no camiño, a través do diálogo e da boa convivencia, se solucionará. Dito isto, Bertila **roga que se faga seguimento da desfeita que se está a facer coa ampliación do Ceip Alfonso D. Rodríguez Castelao**. Cada día vai unha empresa de construción diferente, falan de poñer barracóns mentres están coas obras, ... Olga di que xa se reuniu con ela a comunidade educativa deste centro e que non saben o que van facer, que eles fixeron propostas pero ningún os escoita.

**Anxos Collazo** quere manifestar o desacordo da CIG co gran investimento que se fai neste Concello para promoción do inglés, que en principio non lles parece criticable, se non fose porque é moi superior ao que se inviste en promoción do galego. **A crítica é pois que non se faga un esforzo en promover a lingua galega como mínimo igual ao que se fai polo inglés**. Olga Alonso di que o Concello oferta durante todo o ano actividades en galego aos centros educativos, a través de normalización lingüística. Son actividades moi dispares e que se ofertan aos centros e que se fan segundo demanda. Santiago Rodríguez di que eles van máis alá do tema dos programas educativos. Refírense máis a que a presenza da lingua galega na sociedade viguesa e que o Concello debería traballar para melloralala. Olga Alonso di que, a colación do mencionado e en relación ao que saíu en prensa recentemente publicado a cerca do programa Vigo en Inglés, quere aproveitar para dicir que o feito de que un profesor da universidade chegue a denigrar de este xeito o programa lle parece gravísimo, dicindo que os nenos van de vacacións e que o programa non ten calidade. Di que ela mesma fai as visitas de inspección e que os rapaces van en período escolar e que asisten a clases. Pedro informa de que cando volven estes rapaces, os profesores notan unha mellora na competencia oral. Di que en tres semanas non se pode aprender unha lingua, pero que é unha experiencia de madurez que mellora a competencia lingüística notablemente. E hai un dato moi interesante que é que os rapaces que se presentan de Vigo ás Bolsas Amancio Ortega, son os mellor puntuados no exame oral. As probas fanas despois de volver da inmersión lingüística e a melloría é clara. Anxos comenta que ela non está poñendo isto en dúbida, senón que demandan máis investimento en promover o idioma galego na sociedade viguesa e que ven que hai desproporción entre o que se fai polo inglés e polo galego. Santiago comenta que un bo comezo sería que a institución municipal, co alcalde á cabeza, tivese como lingua vehicular habitual o galego.

Orzamentariamente isto non suporía nada e socialmente tería unha gran repercusión.

**M<sup>a</sup> Jesús Granja** presenta un rogo do CEIP Carballal que se pode facer extensible aos demais centros que é que lles adaptaron dous baños que hai pegados ás aulas e que as obras duraron 6 meses en horario lectivo, o que provocou problema de ruídos. Agora van adaptarlle outros baños e **píden que se faga durante o verán as obras**. Olga explica que Vigo Emprega é un programa no que hai unhas persoas que aprenden un oficio e que dura a contratación 6 meses. Dentro do que cabe, inténtanse facer as obras en horarios nos que non estean os alumnos pero son obras nas que están aprendendo e o proceso é máis lento do normal. Logo fálase cos centros educativos para ver que obras se poden facer durante horario lectivo e cales non. Di que é un programa que lles permite facer en vez dos baños nun só colexio os de 2 ou 3 centros.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:34h.

O SECRETARIO DO CEMV

V<sup>o</sup> e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez